

A outra inserción laboral

► Cogami e Aempe asinan un convenio para fomentar a contratación de persoas con discapacidade, un colectivo marcado polos prexuízos sobre a súa valía e a crise do mercado de traballo

SERAFÍN ALONSO

✉ economia@diariodepontevedra.com

PONTEVEDRA. A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) e a Asociación de Empresarios da Pequena e Mediana Empresa de Pontevedra (Aempe) asinaron onte un convenio para fomentar a contratación de persoas con discapacidade, un colectivo marcado polos prexuízos sobre a súa valía laboral e as dificultades engadidas da crise no mercado de traballo.

Co acordo, que terá unha vixencia dun ano (con opción a prórroga), Aempe comprométese a facerlle chegar ós seus asociados o traballo que realiza o Servizo de Intermediación Laboral (SIL) de Cogami. Neste programa de colocación, que conta con oficinas nas principais cidades galegas, están inscritos máis de 25.000 parados. Na de Pontevedra, que se puxo en marcha no ano 2000, hai apuntadas 3.302 persoas, das que 1.262 pertencen á comarca, sendo 721 homes e 541 mulleres.

En 2011, as tres promotoras de emprego da oficina do SIL na cidade entrevistaron a 309 persoas que demandaban un traballo e realizaron 155 orientacións laborais. As súas xestións facilitaron 244 contratacións.

Outro dos compromisos de Aempe trala sinatura do convenio é informar e difundir o traballo que se realiza no SIL entre o empresario para a contratación



Sinatura do convenio entre Cogami e Aempe, onte, no Instituto Ibérico de Prevención de Pontevedra. JAVIER CERVERA

de persoal. O obxectivo é, entre outras cuestións, facilitar prácticas non laborais en empresas e difundir información sobre medidas alternativas á hora de contratar persoas con discapacidade. A lei obriga na actualidade a que as empresas con planteis de máis de 50 traballadores incorporen no seu cadro de persoal a un dous por cento de empregados con estas características.

OS PERFÍS. As empresas que queiran contratar a persoas con discapacidade poderán contar co apoio de Cogami. En 48 horas, a entidade comprométese a buscar os perfís adecuados para o posto que soliciten os empresarios. «Cando un empresario contrata a unha persoa con discapacidade repite,

José María Corujo
Presidente de Aempe

«O desaparecido INEM non cumpriu a función de colocar ás persoas con algún tipo de discapacidade»

Anxo Queiruga
Presidente de Cogami

«Cando un empresario contrata a unha persoa con discapacidade repite; son profesionais cualificados»

porque lles damos profesionais formados, cualificados e moi traballadores», afirma o presidente de Cogami, Anxo Queiruga, que indica que o perfil dos usuarios do SIL «non son só persoas en cadeiras de rodas, senón tamén persoas con discapacidades orgánicas ou con incapacidade laboral».

Pola súa banda, o presidente de Aempe, José María Corujo, que amosou a súa satisfacción polo acordo, animou ós empresarios a confiar neste tipo de profesionais e reprobou a falta de eficacia de antano por parte das institucións públicas encargadas da reinserción laboral deste colectivo. «O desaparecido INEM non cumpriu a función de colocar ás persoas con algún tipo de discapacidade», su-
bliñou.

Laboral

Os orientadores laborais protestarán hoxe diante da Subdelegación

Os orientadores laborais protagonizarán hoxe (12.00 horas) unha concentración diante da Subdelegación do Goberno en Pontevedra. Reclaman que o Ministerio de Trabajo mantenga os seus contratos ata o 31 de decembro, como estaba prevista nun primeiro momento. O Goberno central prescindirá de 109 promotores de emprego en Galicia a partir de hoxe mesmo, cando se fai oficial o despedido.

Laboral

A CIG mantén a folga parcial nas ITV polo despedimento dun delegado sindical

A CIG iniciou onte unha campaña de mobilizacións contra o despedimento dun delegado da central nacionalista no comité de Supervisión y Control (SyC), empresa concesionaria das ITV galegas. As protestas incluían dúas xornadas de folga parcial e a celebración de concentracións de apoio en todas as estacións da comunidade, incluídas as da provincia de Pontevedra. A campaña do sindicato incluíu unha convocatoria de folga de catro horas (de 08.00 a 12.00 horas) durante a xornada de onte. O parón laboral manterase, durante a presente xornada.